

ACTA SESIÓN PLENO EXTRAORDINARIO E URGENTE

22 DE FEBREIRO DE 2024

No Salón de Plenos da Casa Consistorial de Ribeira, sendo as **vinde horas do xoves 22 de febreiro de 2024** (*previamente efectuada a convocatoria polo Alcalde D Luis Antonio Pérez Barral o 20-02-2024*) reuníronse en primeira convocatoria e baixo a presidencia do Alcalde-Presidente os membros do Pleno enumerados a continuación (baixo a modalidade de “presencial” ao abeiro do previsto no artigo 46.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, coa fin de celebrar **pleno extraordinario e urgente**.

Partido Popular (PP)

- 1.-María José Sampedro Fernández
- 2.-Ana Isabel Barreiro Rego
- 3.-Alejandro Vidal Álvarez.
- 4.-Manuel Emilio Pérez Outeiral
- 5.-Manuel Vicente Reiriz Bretal.
- 6.-Victor Reiriz Lampón
- 7.-Ramón José Doval Sampedro
- 8.-Carmen Pérez Gómez.
- 9.-Eladio Muñiz Muñiz
- 10.-Rubén Lijó Santos

Bloque Nacionalista Galego (B.N.G)

- 1.-Luis Antonio Pérez Barral
- 2.-María Cruz Rivadulla Márquez
- 3.-Genoveva María Betanzos Fernández
- 4.-Antia Alberte Maneiro
- 5.-Xabier Vidal Peón.

Partido Barbanza Independiente (PBBI)

- 1.-Vicente Mariño de Bricio
- 2.-Maria Herminia Pouso Maneiro
- 3.-Juan Luis Furones Ramos
- 4.-Tania Redondo Fernández
- 5.-Fernando Abralles Pérez

Partido dos Socialistas de Galicia-Psoe (Ps de G-Psoe)

- 1.-Francisco Suárez-Puerta Colomer

A Corporación está asistida polo **Sr. Secretario** deste Concello, **D. Juan Manuel Salguero del Valle**, que dá fe do acto

Asiste igualmente o **Sr. Interventor**, **D. Pablo Bao Castro**.



Acto seguido ábrese a sesión polo Sr. alcalde-presidente e tratáronse os seguintes asuntos engadidos na orde do día:

1.- RATIFICACIÓN URXENCIA DA SESIÓN.

Aberta polo **Sr. alcalde-presidente** a Sesión e en cumprimento do disposto nos artigos 21.1.c), 21.3 e 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, 77 a 90 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, 15 a 18 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, procédese a consultar ó Pleno da Corporación sobre o seu pronunciamento en relación coa ratificación da urxencia da Sesión, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 21 (5BNG, 5 PBBI, 1 Ps de G-Psoe, 10 PP)

-VOTOS EN CONTRA: 0

-ABSTENCIÓNS: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por unanimidade dos seus vinteún membros de dereito ratificar a urxencia da Sesión.

2.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO PLENO ORDINARIO DE 29 DE XANEIRO DE 2024.

Preséntase para aprobación esta acta:

-Acta do **Pleno ordinario** celebrado o **29 de xaneiro de 2024**.

En cumprimento do disposto no **artigo 91.1 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)**, e o **artigo 109 do Regulamento Orgánico da Cidade de Ribeira**, o **Sr. alcalde-presidente** pregunta ós/ás Sres./as concelleiros/as se teñen que formular algunha observación a acta correspondente á **sesión ordinaria** do día **29 de xaneiro de 2024**.

Sen observacións, e sen votación expresa.

O **Sr. alcalde-presidente (grupo m. BNG.)** dí que se aproba a acta por unanimidade dos membros presentes.

Resulta aprobada por asentimento dos membros presentes este acta do pleno:

*-Acta do **Pleno da sesión ordinaria** celebrada o **29 de xaneiro de 2024***



**3.-DESESTIMACIÓN RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA O ACORDO DO
PELNO DE RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE DE PENALIDADES DA OBRA
“NOVO AUDITORIO DE RIBEIRA E O SEU ENTORNO.”**

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dunha proposta de Alcaldía de data 22 de febreiro de 2024 do seguinte tenor literal:

PROPOSTA AO PLENO

Visto o recurso de reposición interposto polo xerente da “UTE AUDITORIO DE RIBEIRA” en data 02/02/2024 (R.E. nº 20242814) contra o acordo do pleno de resolución do expediente de penalidades da obra “NOVO AUDITORIO DE RIBEIRA E A SÚA CONTORNA”:

- 1. Proxecto técnico de data outubro/2020, redactado polos arquitectos Antonio Pons Cañellas, Anna Gorrochategui Matas e Bernat Pons Vidal (que forman a UTE PGP ARQUITECTES, UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS LEI 18/1982, DE 26 DE MAYO), aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 10/12/2020.*
- 2. Expediente de contratación, por procedemento aberto (con multiplicidade de criterios de adxudicación e tramitación ordinaria), aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 17/12/2020.*
- 3. Adxudicación aprobada por acordo do Pleno da Corporación Municipal na súa sesión ordinaria celebrada en data 29/03/2021 a favor da UTE entre Xestión Ambiental de Contratas, S.L. e Prace Servizos e Obras, S.A., por un prezo total do contrato de 3.977.964,69 euros (base: 3.287.574,12 euros; IVE (21%): 690.390,57 euros) e un prazo de execución de 15 meses, segundo o establecido no proxecto técnico redactado polos arquitectos Antonio Pons Cañellas, Anna Gorrochategui Matas e Bernat Pons Vidal con data outubro/2020.*
- 4. O contrato administrativo coa Unión Temporal de Empresas “XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. E PRACE SERVIZOS E OBRAS, S.A. UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS LEI 18/1982 DE 26 DE MAIO” (abreviadamente UTE AUDITORIO RIBEIRA), NIF: O42976795 formalizouse na data 27/04/2021.*
- 5. Con data 01/06/2021 tivo lugar a firma da Acta de Comprobación da Traza (replanteo).*
- 6. Por acordo do Pleno da Corporación Municipal na súa sesión ordinaria celebrada en data 20/10/2022, acordouse aprobar o PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN MODIFICADO DO NOVO AUDITORIO DE RIBEIRA E A SÚA CONTORNA, de data outubro/2022 redactado polos arquitectos Bernat Pons Vidal, Anna Gorrochategui Matas e Antoni Pons Cañellas*
- 7. Por acordo do Pleno da Corporación Municipal na súa sesión ordinaria celebrada en data 27/10/2022, acordouse aprobar o expediente de contratación para realizar as obras do PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN MODIFICADO DO NOVO AUDITORIO DE RIBEIRA E A SÚA CONTORNA, de data outubro/2022 redactado polos arquitectos Bernat Pons Vidal, Anna Gorrochategui Matas e Antonio Pons Cañellas cun orzamento total, unha vez reducido a porcentaxe de baixa ofertada na licitación, de: 4.377.705,45 euros (orzo base: 3.617.938,39 euros; IVE 21%: 759.767,06 euros), polo que a valoración das modificacións ascende á cantidade total de 399.740,77 euros (base: 330.364,27 euros.; IVE 21%: 69.376,50 euros) e cun prazo de execución de 9 meses.*
- 8. OCONTRATO MODIFICADO asinouse na data 21/11/2022, nos seguintes termos:*
 - O Concello de Ribeira contrata a execución das obras do PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN MODIFICADO DO NOVO AUDITORIO DE RIBEIRA E A SÚA CONTORNA coa UTE AUDITORIO RIBEIRA), NIF: O42976795, en diante: adxudicatario-contratista, con estrita suxeición ao proxecto modificado citado no antecedente “6” deste contrato, que se une a este contrato como Anexo I.*
 - O adxudicatario-contratista obrígase a executar a obra contratada a que se refire a cláusula anterior unha vez reducido a porcentaxe de baixa ofertada na licitación, de: 4.377.705,45 euros) (orzamento*



base: 3.617.938,39 euros; IVE 21%: 759.767,06 euros), polo que o orzamento adicional das modificacións ascende á cantidade total de 399.740,77 euros (base: 330.364,27 euros.; IVE 21%: 69.376,50 euros) e cun prazo de execución de 9 meses, de conformidade co acordo do Pleno da Corporación Municipal de data 27/10/2022, citado no antecedente "7" deste contrato.

- En todo o demais serán de aplicación o prego de cláusulas administrativas reitor da contratación e o contrato primitivo a que se fai referencia no antecedente "4" deste contrato.
- 9. En data 21/08/2023, finalizou o prazo de execución do contrato (9 meses desde a firma do contrato modificado en data 21/11/2022).
- 10. En data, 30/08/2023, o arquitecto municipal, Óscar Pidre Mosquera, emitiu informe sobre incumprimento do prazo de execución da obra.
- 11. Providencia de Alcaldía de data 11/09/2023, sobre inicio de expediente de imposición de penalidades.
- 12. Informe-proposta de inicio de penalidades emitido pola TAX M^a Teresa Cid Poza, coa conformidade do secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle, de data 13/09/2023.
- 13. Proposta ao pleno do inicio de penalidades de data 13/09/2023.
- 14. Certificado emitido polo secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle, en data 26/09/2023, do acordo do pleno de data 25/09/2023, sobre a incoación do procedemento de imposición de penalidades.
- 15. Notificación do acordo do pleno de data 25/09/2023, sobre a incoación do procedemento de imposición de penalidades á UTE AUDITORIO DE RIBEIRA, recibido en data 27/09/2023.
- 16. Solicitud de recepción da obra "NOVO AUDITORIO DE RIBEIRA E A SÚA CONTORNA" presentada pola UTE AUDITORIO DE RIBEIRA, en data 05/10/2023 (R.E. n° 202323430).
- 17. Comunicación enviada á Dirección de obra (PGP ARQUITECTES UTE) sobre a solicitude efectuada polo contratista en data 05/10/2023, para que fixe a data de recepción da obra.
- 18. Escrito de alegacións á apertura de expediente de penalidades, e solicitude de data de recepción de obra, presentado pola UTE AUDITORIO DE RIBEIRA en data 06/10/2023 (R.E. n° 202323632).
- 19. Requirimento de data 13/10/2023, á Dirección de obra (PGP ARQUITECTES UTE) de informe sobre as alegacións efectuadas pola contratista ao expediente de penalidades iniciado polo órgano de contratación, e sobre a fixación de data recepción de obra solicitada.
- 20. Informe da Dirección de Obra (PGP ARQUITECTES UTE) presentado en data 27/11/2023 (R.E. n° 202327389) sobre as alegacións, penalidades e recepción da obra.
- 21. Informe emitido polo interventor do Concello Pablo Bao Castro, en data 04/12/2023, sobre o cálculo do importe de penalidades por demora na obra "NOVO AUDITORIO DE RIBEIRA E A SÚA CONTORNA".
- 22. Informe-proposta emitido pola TAX de contratación M^a Teresa Cid Poza, e conformado polo secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle, de data 04/12/2023.
- 23. Proposta ao pleno de resolución do expediente de penalidades da obra "NOVO AUDITORIO DE RIBEIRA E A SÚA CONTORNA", asinada polo alcalde Luis Pérez Barral, en data 11/12/2023.
- 24. Informe final dirección obra de data 12/12/2023.
- 25. Acta de recepción da obra de data 13/12/2023.
- 26. Certificado do acordo do pleno de resolución do expediente de penalidades da obra "NOVO AUDITORIO DE RIBEIRA E A SÚA CONTORNA", emitido polo secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle, en data 22/12/2023.
- 27. Notificación acordo do pleno de resolución do expediente de penalidades da obra "NOVO AUDITORIO DE RIBEIRA E A SÚA CONTORNA" á "UTE AUDITORIO DE RIBEIRA", de data 28/12/2023.
- 28. Recepción acuse de notificación telemática de data 02/01/2024, Autenticado co certificado electrónico 542BDD6D961921CE6406F40F38C70595 no nome de FERNANDO GUILLERMO ITURRALDE GARCIA-DIEGO con identificador ***5274**.
- 29. Solicitud documentación dos puntos 10,11,12 do expediente 2020/C-OB00023 DO procedemento: resolución expediente penalidades do contrato de obra: "NOVO AUDITORIO DE RIBEIRA E A SÚA CONTORNA" por parte do adxudicatario DA "UTE AUDITORIO DE RIBEIRA", en data 19/01/2024 (R.E. n° 20241608).
- 30. Recurso de reposición interposto polo xerente da "UTE AUDITORIO DE RIBEIRA" en data 02/02/2024 (R.E. n° 20242814) contra o acordo do pleno de resolución do expediente de penalidades da obra "NOVO AUDITORIO DE RIBEIRA E A SÚA CONTORNA".
- 31. Informe-proposta de resolución ao recurso de reposición, emitido pola TAX de contratación M^a Teresa Cid Poza, e conformado polo secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle, de data 14/02/2024.

Polo exposto, propónse ao Pleno da Corporación como órgano de contratación (art. 191.4 e Disp. Adic. 2ª LCSP , e arts. 95 e 97.4 RGLCAP, a adopción do seguinte **ACORDO**:



PRIMEIRO.-Desestimar o recurso de reposición interposto polo xerente da “UTE AUDITORIO DE RIBEIRA” en data 02/02/2024 (R.E. nº 20242814) contra o acordo do pleno de resolución do expediente de penalidades da obra “NOVO AUDITORIO DE RIBEIRA E A SÚA CONTORNA”, polo exposto en Informe-proposta de resolución ao recurso de reposición, emitido pola TAX de contratación, e conformado polo secretario xeral, de data 14/02/2024.

SEGUNDO.-Dar traslado da resolución á UTE AUDITORIO RIBEIRA, con indicación do réxime de recursos oportunos.

RECURSOS: Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñerse recurso contencioso-administrativo, perante o xulgado do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.

TERCEIRO.-Informar a Intervención e Tesourería da presente resolución.

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido da proposta, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómetese a votación ordinaria a mesma, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 21 (5BNG, 5 PBBI, 1 Ps de G-Psoe, 10 PP)

-VOTOS EN CONTRA: 0

-ABSTENCIÓN: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **unanimidade** dos seus vinteun membros de dereito aprobala proposta da Alcaldía transcrita relativa a **DESESTIMACIÓN RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA O ACORDO DO PLENO DE RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE DE PENALIDADES DA OBRA “NOVO AUDITORIO DE RIBEIRA E O SEU ENTORNO** , quedando convertida en acordo en todos os seus termos e en consecuencia aproba:

PRIMEIRO.-Desestimar o recurso de reposición interposto polo xerente da “UTE AUDITORIO DE RIBEIRA” en data 02/02/2024 (R.E. nº 20242814) contra o acordo do pleno de resolución do expediente de penalidades da obra “NOVO AUDITORIO DE RIBEIRA E A SÚA CONTORNA”, polo exposto en Informe-proposta de resolución ao recurso de reposición, emitido pola TAX de contratación, e conformado polo secretario xeral, de data 14/02/2024.

SEGUNDO.-Dar traslado da resolución á UTE AUDITORIO RIBEIRA, con indicación do réxime de recursos oportunos.

RECURSOS: Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñerse recurso contencioso-administrativo, perante o xulgado do Contencioso



Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo iso sen prexuízo de que poida exercer calquera outro recurso que estime pertinente.

TERCEIRO.-Informar a Intervención e Tesourería da presente resolución.

**4.-CELEBRACIÓN ENCONTRO EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS
“CULTURMAR” (COLABORACIÓN CONCELLO DE RIBEIRA-A.C. “R. e I.
Cofradía da Dorna”). ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.**

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dunha proposta de Alcaldía de data 20 de febreiro de 2024 do seguinte tenor literal:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Á vista das actuacións contidas no expediente para que se tramite, a través da Asociación Cultural Real e Ilustre Cofradía da Dorna, a presentación da candidatura do Concello de Ribeira para acoller o XVII encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia, pola incuestionable relevancia que supón contar con este importante evento enmarcado no calendario da Festa da Dorna (FIT) que é un dos principais expoñentes da cultura tanto en Galicia coma a nivel nacional e internacional, e na consideración de:

- *Unha manifestación que supón unha gran valorización da historia, do patrimonio, da cultura e das tradicións do municipio.*
- *Benefician ao conxunto do concello ademais de acentuar a idiosincrasia de Ribeira.*
- *Créanse sinerxías e intercambios culturais entre a poboación nacional, rexional e local.*
- *Fomentase o turismo cultural e o desenvolvemento cultural sostible.*
- *Convértese nun importante reclamo de atracción turística constituíndo un extraordinario incentivo para a economía local.*

O territorio obxectivo dos Encontros de Embarcacións Tradicionais de Galicia é Galicia e Norte de Portugal, con presenza de entidades doutros países (Euskadi, Cataluña, Francia, etc.)

Os destinatarios do Encontro son todas as persoas interesadas na salvagarda do patrimonio marítimo e fluvial, especialmente as entidades e asociacións de todo tipo que están recuperando embarcacións u outros elementos do patrimonio. Asimismo está dirixido a toda a sociedade co fin de dar visibilidade e difusión a este patrimonio.

Esta Alcaldía propón ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO; Presentar a candidatura do Concello de Ribeira para que o próximo Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia se realice en Ribeira.

SEGUNDO; Remitir xunto coa demais documentación a certificación de acordo plenario.



Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido da proposta, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómetese a votación ordinaria a mesma, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 21 (5BNG, 5 PBBI, 1 Ps de G-Psoe, 10 PP)

-VOTOS EN CONTRA: 0

-ABSTENCIÓNS: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **unanimidade** dos seus vinteun membros de dereito aprobala proposta da Alcaldía transcrita relativa a **CELEBRACIÓN ENCONTRO EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS “CULTURMAR” (COLABORACIÓN CONCELLO DE RIBEIRA-A.C. “R. e I. Cofradia da Dorna”)**, quedando convertida en acordo en todos os seus termos e en consecuencia aproba:

PRIMEIRO: *Presentar a candidatura do Concello de Ribeira para que o próximo Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia se realice en Ribeira.*

SEGUNDO: *Remitir xunto coa demais documentación a certificación de acordo plenario.*

E sendo as **20 horas e 27 minutos** do día **22 de febreiro de 2024**, sen máis asuntos que tratar, o **Sr. alcalde-presidente** deu por finalizada a sesión do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente

O secretario xeral

Luis Antonio Pérez Barral

Juan Manuel Salguero del Valle

